



CONCELLO DE SANTIAGO

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 14 DE MARZO DE 2013

LICENZAS

LEGALIZACIÓNS

LIC/273/2013.- JUAN CARLOS GÓMEZ LOUZAO.- Autorizar a legalización das modificacións á licenza de obra LIC/804/2008 de ampliación e reforma de ampliación e reforma de vivenda unifamiliar na Travesía do Viso, 2.

LIC/989/2012.- JOSE MANUEL VIEITES NIEVES.- Denegar a legalización de vivenda unifamiliar Piñeiro-Eixo, 15.

PRÓRROGAS

LIC/209/2013.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS.- Conceder prórroga da licenza de obras concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 26 de xullo de 2012, para rehabilitación de cuberta na rúa do Castro, 7.

LIC/1098/2012.- SANTIAGO REGUEIRO ALVARIÑO.- Denegar a prórroga da licenza de obras concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 14 de setembro de 2010, para rehabilitación de vivenda unifamiliar en Lamas de Carballal.

CADUCIDADE

LIC/1722/2009.- SANTIAGO REGUEIRO ALVARIÑO.- Incoar expediente de caducidade da licenza outorgada con data do 14 de setembro de 2010 para rehabilitación de vivenda unifamiliar en Lamas do Carballal.

REVOGACIÓNS

LIC/2007/2012.- CONSORCIO DE SANTIAGO.- Revogación do acordo da Xunta de Goberno Local adoptado o 14 de febreiro de 2013.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA

LIC/267/2013.- ESTUDIO 5 DE GESTIÓN Y PROYECTOS, SA.....LIC/2607/2004.... 24.000 €

LIC/268/2013.- ESTUDIO 5 DE GESTIÓN Y PROYECTOS, SA.....LIC/1109/2006..... 8.000 €

LIC/285/2013.- INMOBILIARIA DE PUENTES Y CALZADAS.....LIC/349/2010 30.000 €

4 a 39.- Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre bens inmoables, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

40.- Transmisión da licenza de autotaxi nº 76 a favor do asalariado Pablo Vilanova Vilanova.

Apróbase a transmisión.

41.- Revisión das tarifas do Mercado Nacional de Gando.

A partir da petición da empresa concesionaria do Recinto Ferial de Amio e, polo tanto, xestora do Mercado Nacional de Gando de Santiago de Compostela, na que solicita a actualización das tarifas do servizo e, á vista dos informes do técnico do servizo e a xefa de Contratación, a XGL aprobou a actualización destes prezos nun 9,20%, que comprende o período de decembro de 2008 a novembro de 2012. Este porcentaxe axústase ao subscrito na concesión.

42.- Proposta da concelleira da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á inscrición dunha empresa no Rexistro Técnico de Rehabilitación.

Apróbase a proposta.

43.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á composición do xurado do VI Premio Internacional "Compostela" para Álbums Ilustrados.

A XGL aprobou o xurado do VI Premio Internacional Compostela para albums ilustrados, que estará composto por:

PRESIDENTE

D Ángel Currás Fernandez, Alcalde do Concello de Santiago de Compostela e por delegación, Dña María Castelao Torres, Concelleira-Delegada de Educación.

VOGAIS:

D Emilio Urberuaga (Madrid, 1954)

Galardoado en 2011 co Premio Nacional de Ilustración pola súa traxectoria artística, que comezou na década de 1980. Dende entón a súa obra está nas principais fundacións e museos do mundo. Creador da imaxe do célebre personaxe 'Manolito Gafotas', ilustrou máis de medio cento de libros infantís en varias editoriais. Entre elas, Kalandraka, para a que ilustrou "As catro estacións" e "Discurso do oso".

Dña Maria José Ferrada (Chile, 1977)

Licenciada en Comunicación Social pola Universidade Diego Portales de Chile. Estudou Lingüística aplicada á Tradución na Universidade de Santiago de Chile e cursou un máster en Estudos Asiáticos pola Universidade de Barcelona. Publicou varios álbums infantís, escribiu guións para curtametraxes e colabora con diversas iniciativas literarias e teatrais. Foi galardoada co V Premio Internacional Cidade de Orihuela de Poesía para Nenos pola obra "El idioma secreto", publicada no selo Factoría K de Kalandraka, onde tamén publicou o libro "Un mundo raro".

Dña Juana Vázquez

É mestra en activo dende 1983. Responsable da posta en marcha e da coordinación das bibliotecas escolares do CEIP de Présaras, primeiro, e máis recentemente do CEIP José Cornide (A Coruña). Por este labor a Xunta de Galicia concedeu-lle en 2001 o Premio Innovación Educativa. Colabora habitualmente con revistas especializadas en Pedagogía e Educación. Tamén participa nas actividades impulsadas dende o Centro de Formación e Recursos (Cefore) da Coruña. Pertence á Asociación Galega polas Bibliotecas Escolares e a Lectura. Interviu na Campaña de Animación á Lectura do Concello de Santiago en 2009 cunha ponencia titulada "Biblioteca escolar: Un espazo con adxectivo".

Dña Manuela Rodríguez, representante de Kalandraka Editora

Licenciada en Maxisterio; especialista en Ciencias Humanas e Psicomotricidade, Expresión Dramática, Literatura Infantil e Xuvenil, e Animación á Lectura. É profesora de Educación Infantil, participou en actividades de radio escolar e imparte clases de teatro para xente nova, formación do profesorado e obradoiros de expresión oral e artística. Formou parte da Aula de Teatro da Universidade de Vigo e do Grupo de Expresión Dramática Kalandraka, que daría orixe á editorial, da que é co-fundadora. Está vinculada aos movementos de renovación pedagóxica. É tradutora e autora das adaptacións de contos populares como "O pescador e a súa muller" e clásicos como "O patiuño feo", ambos publicados por Kalandraka.

D Xosé M. Rodríguez-Abella Gómez, representante do Concello de Santiago de Compostela, xefe do Departamento de Educación

SECRETARIA

Dña Beatriz Varela Morales

Técnica do Departamento de Educación do Concello de Santiago de Compostela

44.- Proposta da concelleira da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do proxecto de traslado e reposición dun hórreo dende o lugar de Vieiro-Fontiñas (AE-2) a Belvís.

A proposta da concelleira da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible, a XGL aprobou autorizar o traslado dun hórreo procedente do polígono da AE-2 de Vieiro (Fontiñas) ao ámbito do parque público de Belvís. Esta actuación faise unha vez completada a documentación pertinente: memoria asinada polos arquitectos do Consorcio, proposta de novo emprazamento da arquitecta do Consorcio, autorización do director xeral do Patrimonio Cultural e o informe do arquitecto municipal para as condicións de execución.

45.- Proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais relativa á apertura de prazos, procedementos e normas de matriculación na Escola Municipal de Música para o curso 2013-2014.

De acordo á proposta da Concelleira da área de Servizos Sociais, a XGL aprobou os seguintes prazos para a Escola de Municipal de Música para o curso 2013-2014: (para solicitudes de novo alumnado- 2ªconvocatoria- se hai prazas vacantes cubriranse por rigorosa orde de inscrición)

Prazos de admisión:

Alumnado actual do centro	
Renovación de praza	do 2 de ao 12 de abril
Exposición pública prazas vacantes 1ª convocatoria	29 de abril
Solicitudes de novo alumnado (1ª convocatoria)	
Período de pre-inscrición	do 2 ao 16 de maio
No caso de haber máis solicitudes que prazas realizarase un sorteo público	22 de maio
Exposición pública listas provisionais de admitidos 1ª convocatoria	24 de maio
Período de reclamacións	10 días naturais dende a publicación de admitidos provisionais
Exposición pública da relación definitiva de admitidos	4 de xuño
Matrícula para os admitidos	do 5 ao 17 de xuño
Novo prazo de matrícula para prazas vacantes da 1ª convocatoria	18 de xuño – 28 de xullo
Exposición pública de prazas vacantes para a 2ª convocatoria (se é o caso)	28 de xullo

URXENCIAS

- 1.- Proposta da concelleira delegada da área de Servizos Sociais relativa á solicitude á Deputación da Coruña da súa colaboración para a realización dun informe valorativo das ofertas presentadas á licitación do servizo das escolas infantís municipais de Conxo e Fontiñas.
- 2.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á corrección de erro na sesión de 8.3.13,de ampliación do prazo de execución dun contrato.
- 3.- Sinatura do convenio de colaboración coa Deputación da Coruña para facilitar procesos de erradicación do chavolismo ou infravivenda en 2012.
- 4.- Contratación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros entre Santiago e Aríns.
- 5.- Adxudicación do servizo de desratización e desratización no termo municipal de Santiago.
- 6.- Adxudicación da concertación dun convenio de asociación do Concello cunha mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da seguridade social.